

## **CIG-SAÚDE NON ASINA o Nomeamento Estatutario Eventual de Continuidade no ámbito do SERGAS.**

**CIG-SAÚDE** non apoia este nomeamento por consideralo insuficiente para rematar coa precariedade laboral, e ademais porque vai provocar unha perda de retribucións no persoal facultativo.

**O texto recolle a obrigatoriedade de realizar gardas** a todo o persoal que estea vinculado con este Nomeamento nas unidades ou servizos de atención primaria. **Isto rompe os acordos sindicais que acadamos no ano 2008, e provoca un cambio de modelo**, que pode consolidarse en prazas estruturais coa ambigua redacción do punto 7, que se negaron a aclarar.

No ano 2008 acordamos no SERGAS que a xornada de PACs tivese a consideración de **xornada ordinaria e complementaria**, isto conleva un sistema retributivo específico. E dicir, que **as horas de prestación se retribúen como horas de xornada**, e ademais se retribúe a atención continuada que prestan en **noites, domingos e festivos**.

Agora **coa obrigatoriedade de realizar gardas**, estás se van a retribuír con un valor inferior e sen retribución dos conceptos de atención continuada.

**Perda de retribucións:** 1.75 €/hora + 9.24€/hora festividade + 3.97€/hora nocturnidade. Votade contas...

ANEXO XII  
Retribucións adicionais dos médicos dos puntos de atención continuada  
Período xullo a decembro

Nocturnidade	3,97 €/hora
Festividade	9,42 €/hora
Xornada complementaria	24,94 €/hora

Atención continuada urxencias extrahospitalarias

Modalidade prest. de servizo	Período xullo a decembro
	Valor módulo euros/hora
Presenza física persoal facultativo	23,19

Desde **CIG-SAÚDE** solicitamos respectar os acordos vixentes. Que a prestación en PACs sexa por persoal específico, e que as gardas teñan carácter voluntario.

### **Solicitamos por en valor o traballo que realiza o persoal facultativo:**

- Demandamos negociar un **novo sistema retributivo e que todo o persoal que realice prestación en PACs perciba as mesma retribucións**. E dicir, as retribucións do Anexo XII da orde de confección de nóminas.
- Solicitamos a **recuperación do 20%** do valor da atención continuada nos PACs suspendido desde o ano 2008.
- Tamén solicitamos **un complemento**, como o que percibe o persoal de urxencias hospitalarias, **para o persoal de PACs que realiza xornada complementaria por riba da xornada obrigatoria**.

Con esta **revalorización do traballo en PACs**, o SERGAS conseguiría unha maior voluntariedade para a realización do traballo, **sen ter que obrigar ao persoal a facer gardas**.